

COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

**PREMIO 'SOMOS ESENCIAIS.
Premio de xornalismo sobre a pandemia da Covid-19'
Edición 2021**

1. A iniciativa


Por segundo ano consecutivo, o *Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia* convoca este certame, en colaboración de *Gadis*, co obxectivo de facer un recoñecemento do labor dos e das profesionais da comunicación durante a pandemia da COVID-19, como actores esenciais na transmisión da información á cidadanía nun momento tan complexo.

2. Os candidatos e condicións dos traballos

- 2.1. Poderán concorrer a este premio todos e todas as xornalistas e fotoxornalistas que publicaran traballos sobre a COVID-19 e a pandemia en Galicia.
- 2.2. A presentación poderá realizala o propio autor ou autora, ou ser unha proposta do xurado.
- 2.3. Os traballos poden ser individuais ou colectivos.
- 2.4. Poderase presentar calquera traballo xornalístico, en calquera formato ou plataforma profesional, publicado ou emitido durante o ano 2021.
- 2.5. Cada proposta deberá ir identificada coa autoría, data de publicación e medio.
- 2.6. Poderase presentar un único traballo ou un grupo de traballos que formen parte dunha mesma serie.
- 2.7. Non se aceptarán traballos premiados noutros certames.

3. Prazos e forma de presentación

- 3.1. O prazo de presentación de candidaturas remata ás 14.00 horas do xoves 19 de maio de 2022.
- 3.2. As propostas teranse que enviar antes desa data ao correo electrónico do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia: xornalistas@xornalistas.gal.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**

- 3.3. Deberase presentar a ficha anexa a estas bases cuberta polo candidato ou candidata, ademais do traballo, que será:
 - 3.3.1. En pdf para prensa escrita ou dixital.
 - 3.3.2. En formato de imaxe para os traballos de fotoxornalismo.
 - 3.3.3. Como arquivo de audio e vídeo no caso de pezas audiovisuais.
 - 3.3.4. Sempre que se poida, referenciarase cunha ligazón ao medio ou medios web onde se poida localizar o traballo.
- 3.4. Só se aceptarán as propostas que entren dentro do prazo de recepción.

4. Dotación do premio


- 4.1. Haberá un único premio de 1.500 €.
- 4.2. O xurado fará mencións especiais aos traballos que considere oportunos, que recibirán un diploma acreditativo.
- 4.3. O premio non poderá quedar deserto.

5. O xurado

- 5.1. O xurado estará composto por membros da Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, xornalistas e representantes de Gadis.
- 5.2. Valorarase a calidade dos traballos en canto á súa rigurosidade e o seu carácter de servizo público.
- 5.3. O xurado resolverá todas aquelas cuestións que non queden contempladas nestas bases.
- 5.4. O xurado fallará o premio ao longo do mes de maio.

6. Outras normas

- 6.1. O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia resérvase o dereito á reprodución, total ou parcial, dos traballos gañadores. Isto non xerará un dereito de contraprestación económica a favor do autor ou autores, pero en todo momento o traballo quedará identificado coa autoría e medio publicado.
- 6.2. A participación na presente convocatoria implica a aceptación, por parte de cada participante, das presentes bases.



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

ANEXO

PREMIO XORNALISMO ESENCIAL FORMULARIO DE PARTICIPACIÓN	
<i>Título</i>	
<i>Autor/a</i>	
<i>Medio</i>	
<i>Data de publicación ou emisión</i>	
<i>Ligazón</i>	